



TEST DE AMOR

1. Que é o amor?

- a) Un sentimento especial cara unha persoa.
- b) Algo pasaxeiro
- c) Algo para toda a vida.



2. Con quen sairías?

- a) Cun rapaz que é moi guapo pero é unha mala persoa.
- b) Cun rapaz que é feo pero moi boa persoa.
- c) Con ningún dos dous.

3. A túa mellor amiga está saíndo co rapaz que che gusta. Ese rapaz pídeche para saír, que lle dis?

- a) Que si, porque che gusta moito.
- b) Que non, porque non queres traizoar a túa amiga.
- c) Pasas del.

4. Como sería o teu mozo ideal?

- a) Guapo, con ollos azuis e louro.
- b) Popular, atractivo e algo pasota.
- c) Boa persoa, agarimoso e simpático.

5. Onde che gustaría que fose a túa primeira cita?

- a) Nunha praia, á luz da Lúa.
- b) Nunha illa deserta.
- c) Dáche igual, o importante é estar co teu mozo.

6. Como conquistarías o rapaz que che gusta?


- a) Chamando a súa atención con roupa atrevida.
- b) Sendo ti mesma.
- c) Dándolle ciumes con outro rapaz.

7. Serías capaz de traizoar a túa mellor amiga por amor?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Ao mellor.

8. As túas amigas celebran unha festa, e esa mesma noite o teu mozo marcha ao estranxeiro estudar. A cal cita acudirías?

- a) Iría despedir o meu mozo.
- b) Acudiría á festa coas miñas amigas, porque xa atoparía outro mozo coma el.
- c) Marcharía con el ao estranxeiro.



SOLUCIÓNS

- | | | |
|---------|------|------|
| 1. a) 6 | b) 4 | c) 2 |
| 2. a) 2 | b) 4 | c) 6 |
| 3. a) 2 | b) 6 | c) 4 |
| 4. a) 4 | b) 2 | c) 6 |
| 5. a) 4 | b) 2 | c) 6 |
| 6. a) 2 | b) 6 | c) 4 |
| 7. a) 2 | b) 6 | c) 4 |
| 8. a) 6 | b) 2 | c) 4 |



De 16 a 24: **Debes mellorar nas relacións sentimentais.**

De 25 a 36: **Vas ben, pero non o suficiente coma para durar nas relacións de parella.**

De 37 a 48: **Perfecto, es a moza ideal.**